

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Concedido polo Concello de Vilagarcía

David Souto gaña o Bouza Brey de poesía

O autor, estudante de Filoloxía, non tiña aínda ningunha obra publicada.

Redacción / EP - 11:54 13/05/2007

O estudante vilagarcían David Souto Alcalde foi o gañador da cuarta edición do premio de poesía Fermín Bouza Brey. O galardón, que concede o Concello de [Vilagarcía](#), está dotado con 3.000 euros.

Souto Alcalde estuda Filoloxía en Compostela e até agora non publicara ningunha obra. O premio seralle entregado o xoves, Día das Letras. Os anteriores gañadores do Bouza Brey de poesía foran Xerardo Quintiá (2005), Xurxo Alonso (2003) e Emma Pedreira (2001).

Novas relacionadas

- [Premio Fermín Bouza Brey](#)
- [Dezaseis poetas galegos optan ao premio Bouza Brey](#)
- [Emma Pedreira gaña o premio de poesía Bouza Brey](#)